



Consello Local da Infancia da Coruña

Unha actividade educativa para o fomento da participación da infancia

Un órgano de participación infantil e canle das voces das nenas e nenos do concello

Cliaac



Que é o CLIAC?

O Consello Local da Infancia da Coruña é

Un órgano municipal
de participación infantil

Unha actividade
educativa dirixida
ao alumnado de 5º e 6º
de Educación Primaria
do concello

Con este proceso damos continuidade ao traballo iniciado por un grupo de centros o curso pasado, cos obxectivos de fomentar a participación entre a infancia; tecer rede entre centros, docentes, familias e alumnado; e constituír un grupo estable de traballo con nenas e nenos que funcione como altofalante das súas voces cara as políticas públicas do Concello

Por que é interesante para nenas e nenos?

Por medio desta actividade nenas e nenos:

.....
Aprenderán sobre o seu
dereito á participación
.....

.....
Mellorarán a súa capacidade
de análise e toma de decisións
.....

.....
Gozarán dun espazo
de desenvolvemento
persoal e grupal

.....
Normalizarán a súa
participación pública
como cidadás e cidadáns
.....

.....
Amosarán que as súas
accións teñen impacto
.....

.....
Representarán ás nenas
e nenos da cidade

En que consiste a actividade?

Difusión a profesorado e familias

No comezo do curso escolar, presentaremos e difundiremos a actividade entre os centros educativos, buscando a complicitade do profesorado e o interese das familias

- Sesión informativa para o profesorado interesado
- Vídeo informativo para as familias

Materiais e traballo autónomo en aulas

Da man dunha **guía didáctica** o profesorado traballará de forma autónoma durante o curso cuestións relacionadas con:

- Participación infantil
- Dereitos humanos e necesidades colectivas
- Intelixencia emocional e bo trato
- Xestión de conflitos e toma de decisións

Candidaturas

As nenas e nenos que desexen formar parte do grupo estable de participación, deberán **presentar a súa candidatura** no prazo correspondente, enviando:

- Un texto ou vídeo coa súa motivación para formar parte do CLIAC
- Unha carta de apoio das súas compañeiras e compañeiros de aula
- Autorización familiar

Grupo estable de participación + xornada de convivencia

Seleccionaremos a un grupo diverso de nenas e nenos, coas que celebraremos unha **xuntanza fundacional e varias sesións de traballo** (en horario extraescolar) nas que ir desenvolvendo habilidades para a participación cidadá, ao tempo que imos dando forma a este novo órgano de representación infantil

Tamén celebraremos unha **xornada de convivencia** para mellorar a cohesión grupal e coñecer outros procesos similares

Constitución do CLIAC

Por último, convocaremos a sesión de constitución formal do **Consello Local da Infancia da Coruña**, onde presentaremos a proposta de composición e o regulamento da man das nenas e nenos do grupo estable de participación


Para que esta experiencia de participación sexa significativa, require da colaboración das e dos docentes interesadas no programa, especialmente á hora de estimular e motivar ao alumnado a presentar a súa candidatura a participar no grupo estable de participación

Como podo participar co meu alumnado?

Se tes interese en participar podes consultar toda a información e inscribir ao teu grupo cubrindo as fichas correspondentes da actividade na **Web Educativa Municipal**

Calquera dúbida:

Departamento de Educación
981 184 200 (ext. 12041 // 12047)
cliac@coruna.gal





Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña